**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZ DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000027**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día dez de agosto de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 425 de data 9 de agosto/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.
Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Dia da convocatoria.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03.08.23 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 03.08.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

**2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/24. PROCEDEMENTO OMISIÓN DE FUNCIÓN INTERVENTORA 07/2023.-**

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:
**EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000111**
**PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 07/2023**

Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 07/2023 (EMP 87/2023) con data 02/08/2023 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

| | |
|---|---|
| **Natureza do gasto** | Gastos varios incluídos na relación de facturas F/2023/24 (incorporada ao expediente) |
| **Datos da relación de facturas** | Comenza pola factura nº 0430 00Z306N0015079 de data 03/04/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 14.139,18 € e remata pola factura nº 0498 00Z306N0025793 de data 03/07/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 11.277,96 €. |
| **Nº e data de rexistro** | Varios rexistros comprendidos entre o 06/04/2023 e o 05/07/2023 |
| **Organo xestor** | Alcaldía |
| **Importe** | 50.197,73 € |
| **Organo competente** | Xunta de Goberno Local |

Visto que o Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 23/03/2023 o seguinte:

- *“(…) PRIMEIRO.- En data 02/08/2023, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 7/2023.*

- *SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación relación de facturas F/2023/24 por importe total de 50.197,73 €, incorporada ao expediente, e que comenza pola factura nº 0430 00Z306N0015079 de data 03/04/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 14.139,18 € e remata pola factura nº 0498 00Z306N0025793 de data 03/07/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 11.277,96 €., non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.*

- *TERCEIRA.- En relación as facturas que se citan na comunicación da intervención municipal de data 31/07/2023 compre destacar o seguinte en concreto para cada unha delas:*

  ***Facturas números 0430 00Z306N0015079, 0445 00Z306N0018292, 0451 00Z306N0018312, 0479 00Z306N0022036, 0498 00Z306N0025793** de datas 06/04/2023, 04/05/2023, 04/05/2023, 03/06/2023 e 05/07/2023 emitidas por ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERSONAL con NIF A81948077. Con data 30/09/2022 finalizou o contrato de subministro eléctrico para instalacións eléctricas municipais superiores a 10KW segundo o acrodo Marco para o suministro de electricidade en alta e baixa tensión de central de Contrataicón da FEMP. O prazo do contrato era por una ano e foi prorrogado por outra anualidade máis rematando o 30/09/2021. Atopamonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*dunha necesidade estructural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.*

- *CUARTA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 7/2023 remitida a esta Alcaldía, sobre os gastos incluidos na relación de facturas nº F/2023/24 por un importe por importe total de 50.197,73 €, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.*
  *A Alcaldía si tuvo constancia das facturas, e si constatou a prestación referida da que derivan estas obrigas de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.*

- *QUINTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.(...)"*

Dado que se constatou a prestación dos servizos ou realización dos servizos mediante o xustificante de gasto incluído na relación nº F/2023/24 conformada polo Alcalde.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. En virtude do disposto no artigo 21.1 f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, asi como nos artigos 185 e 186 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Polo que se expuxo, **PROPONSE:**

**PRIMEIRO**.- Ordear que se leve a cabo a aprobación da relación de facturas sinalada, F/2023/24, por importe total de 50.197,73 €, e que comenza pola factura nº 0430 00Z306N0015079 de data 03/04/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077, por importe de 14.139,18 € e remata pola factura nº 0498 00Z306N0025793 de data 03/07/2023 de ENDESA ENERGÍA S. A. UNIPERS, A81948077 por importe de 11.277,96 €.

**SEGUNDO**.- Que se dea conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE
Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000111).**

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO OBRAS: "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADA E CARPINTERIAS EN CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO".-**

A Xunta de Goberno Local en sesión do 3 de agosto de 2023, adoptou acordo do seguinte contido:

"*Con expediente de referencia 2023/C008/00003, tramitase expediente de resolución do contrato de obras, de denominación referida no encabezamento (Expte. Contrato obras: 2021/C003/000006).*

*Visto informe de non comezo das obras, a Xunta de goberno Local (como órgano de contratación) acordou iniciar procedemento de resolución do contrato, deuse audiencia ao contratista e ao avalista e emitironse os correspondentes informes de secretaría e da intervención municipal.*

*A empersa contratista presentou alegacións, con oposición á resolución do dito contrato.*

*Remitiuse expediente para informe preceptivo ao Consello Consultivo de Galicia, tendo entrada o 4.05.23.*

*En data 24.05.23 o Consello Consultivo de Galicia procede á devolución do expediete, indicando debe efectuar o Concello unha proposta de resolución e solicita documentación; concedendo ao Concello un prazo de 2 meses, a contar dende a recepción do presente acordo (ata o 24.07.23).*

*A Xunta de Goberno Local de Valdoviño en sesión de oito de xuño de 2023, acorda atender o requerimento efectuado polo Consello Consultivo de Galicia de data 24.05.23, realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista, solicitando a tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia e suspender o prazo a que se refire o artigo 212.8º da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*En data 7.07.2023, remitse ao Consello Consultivo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 8.06.23 e a documentación complementaria que nos solicitan en escrito de 24.05.23.*

*En data 31.07.23 recibese do Consello Consultivo de Galicia certificado do ditame 156/2023, no que indican a caducidade do expediente, baseado en sentenzas que consideran non aplicable para a resolución contractual das entidades locais o artigo 212.8 LCSP que dispón: "Los expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo máximo de oito meses".; e entende baseado en ditames e ante a falta de carácter básico do citado artigo e a ausencia de previsión autonòmica reguladora do prazo resolver, que procede o prazo de TRES MESES, previsto no artigo 23.1 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de LPAC.*

*En base ao exposto, esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local,* ***ACORDA****, a adopción dos acordos seguintes:*

***Primeiro***.- *Tomada razón o ditame do Consello Consultivo, declarar a caducidade do expediente.*

***Segundo**.- Notificar este acordo de caducidade ao contratista e ao avalista; dándolle tamén traslado do ditame do CCG*”.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas por Lei, en base aos antecedentes do expediente e vista a caducidad do mesmo, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, adoptar os seguintes ACORDA:

**Primeiro.-** Iniciar un novo procedemento ao que, por razóns de economía procedemental e conforme ao principio de conservación de actos e trámites poderán incorporarse os actos e trámites cuxo contido se mantería igual de non terse producido a caducidade, debendo contar o novo procedemento coas garantías de contradición (artigo 95.3 da LPAC).

**Terceiro**.- Dar audiencia as partes interesadas (contratista e avalista), mantendo os informes que lles foron facilitados en anteriores prazos de audiencia polo prazo de DEZ DIAS NATURAIS para que en dito prazo contados os días a partir da presente comunicación poidan presentar alegacións.

Non obstante, a Xunta de Goberno, resolverá o que considere máis convinte.
*/Documento asinado electrónicamente polo sr. Alcalde na data da sinatura/.”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**4º.-APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA DO PROXECTO DO POS+2022: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS”.-**

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 2 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros”* do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 1 de xuño de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 02/06/2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 1 de xuño de 2023 por importe de 8.761,46 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 3 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros”* do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 3 de xullo de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 05/07/2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 3 de xullo de 2023 por importe de 8.629,70 euros.

Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 4 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros”* do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 1 de agosto de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 01/08/2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 1 de agosto de 2023 por importe de 82.394,56 euros.

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

**PRIMEIRO.-** Aprobación da certificación de obra n.º 2 "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE23 48 de data 01/06/2023 con número de rexistro contable F/2023/1286, emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 1 de xuño de 2023 por importe de 8.761,46 euros.

**SEGUNDO**.- Aprobación da certificación de obra n.º 3 "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE23 71 de data 03/07/2023 con número de rexistro contable F/2023/1532, emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 3 de xullo de 2023 por importe de 8.629,70 euros.

**TERCEIRO.-** Aprobación da certificación de obra n.º 4 "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE23 85 de data 01/08/2023 con número de rexistro contable F/2023/1771, emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 1 de agosto de 2023 por importe de 82.394,56 euros.

**CUARTO.-** De conformidade co disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes.* Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 2 correspondente a obra "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" deberán descontárselle 189,84 euros pola dirección e inspección de obra e 63,28 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.
Así ao importe total da certificación n.º 3 correspondente a obra "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" deberán descontárselle 186,98 euros pola dirección e inspección de obra e 62,33 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

E análogamente ao importe total da certificación n.º 4 correspondente a obra "*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*" deberán descontárselle 1785,29 euros pola dirección e inspección de obra e 595,10 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández".

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**5º.- .- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 14/08/2023 00:23:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 14/08/2023 09:34:00)
Versión imprimible
CVD: BQBV55xKdh4V4kTs8YEa
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.